

## *Escenas de caza nos petróglifos galegos e portugueses*

**XOSE LOIS VILAR PEDREIRA**

### RESUMO

*Na fachada atlántica galega e do norte portugués sabemos, polo momento, dunhas 3000 superficies con gravados rupestres nas que aparecen representados motivos abstractos (circos, espirais, labirintos, covañas, reticulados, liñas, ...) e un grupo minoritario de motivos que chamamos figurados ou naturalistas no que agrupamos equitación, armas e escenas de caza. Sobre estas últimas queremos chamar a atención xa que as fontes bibliográficas citan oito, ducia e media, unha vintena delas; nós imos tratar máis de corenta superficies, unhas máis simples e outras máis complexas, cunha iconografía común entre Laxe (A Coruña) e as pinturas megalíticas da Orca dos Juncais na zona de Viseu. É sempre caza de cervo macho, decote cunhas cornas esaxeradas e ás veces o falo sinalado. O cazador é un home cos brazos abertos, exhibindo as armas, a pé ou dacabalo, xotando, acosando o cervo, coa axuda de cans, o apoio de trampas e excepcionalmente coa presenza de ídolos cilíndricos e armas. En definitiva unha linguaxe gravada en rochas inclinadas ou verticais así emprazadas para seren vistas, así gravadas en pedra con afán de perdurabilidade, así con ese contido iconográfico para transmitir o concepto de poder, status, dominio, preponderancia do mundo masculino a través da caza e sometemento do cervo macho como un dos animais máis potentes da natureza galega. Quizais un animal totémico.*

*No Val Miñor, no Outeiro dos Lameiros, na cara de Sabaris, temos o maior panel de arte esquemática da Península Ibérica con máis de sesenta animais representados nunha escena de caza, na única de Galicia na que non temos claro que cacen o cervo macho pola ausencia de cornas e a presenza de colas espesas. Cabalos?*

**PALABRAS CHAVE:** *Petróglifos, galego-portuguesa, caza, cervo, iconografía, O Outeiro dos Lameiros.*

### ABSTRACT

*There are about 3000 surfaces with rock art in the Atlantic Galician area and northern Portugal. They show abstract motifs such as ring and reticulated ones, spirals, labyrinths, cups, lines ... and a minority group of naturalistic style where we cluster horsemanship, weapons and hunting scenes. We would like to stand out the bibliographical information about the last ones because some authors quote eight, others a dozen and a half and some others about twenty. We are going to deal with more than forty surfaces. Some of them simpler and others more complex with a common iconography between Laxe (A Coruña) and the*

*megalithic paintings in Orca dos Juncais in the area of Viseu. It is usually the hunting of a male-deer with exaggerated antler and sometimes they engrave the phallus. The hunter is a man with outspread arms displaying weapons, hounding or deerstalking being helped by dogs, sometimes with traps and exceptionally with the presence of cylindrical idols, and weapons. In short, engravings in leaning or vertical rocks located to be seen in their eagerness of perpetuity, with that iconographic content to pass on the idea of power, status, authority, superiority of the masculine world through the hunting and subjugation of male-deers as one of the most powerful animals in Galician nature. Perhaps a totemic animal.*

*KEY WORDS: Petroglyphs, galician-portuguese, hunt, deer, iconography, O Outeiro dos Lameiros.*

No noroeste da Península Ibérica constatamos un fenómeno artístico en Galicia (banda oeste nomeadamente) e norte de Portugal (até o Douro) consistente en gravados rupestres ó aire libre -casos illados en abrigueiros- cunha temática común de motivos de arte abstracta (coviñas, circos, espirais, labirintos, liñas, reticulados) que tamén chamamos xeométrica, e outro grande apartado de motivos naturalistas ou figurados; deste xeito queremos denominar unha serie de gravados que identificamos cuns referentes que existen ou existiron tales como armas, escenas de monta (cabalos e algún cervo) e escenas de caza.

Nestas citadas de últimas queremos centrar este traballo, aínda que con moita relación coas escenas de monta e con certa relación coas armas. Logo de máis de cen anos de estudo da arte rupestre galega e portuguesa non somos quen de darlle unha explicación satisfactoria ó significado dos motivos xeométricos repetidos, no caso das coviñas e das combinacións circulares, miles de veces. É de suporlle unha pertenza ó mundo simbólico, unha relación co máxico, co cultural.

Canto ás imaxes figuradas pronto advertimos, como evidencia negativa, a non presenza de elementos da vida doméstica -o traballo, o xogo, a comida, ...-, queremos dicir que esta arte rupestre non foi concibida como unha foto da vida diaria, nin da paisaxe, nin dos poboados; as imaxes elixidas para gravar son froito dunha selección consciente e intencionada ó longo da fachada atlántica galega e portuguesa.

Non imos entrar na controvertida cuestión cronolóxica pero polo menos indicar que se deberon gravar entre o III e o II milenio A.C. Con raíces antes e continuada de despois, de seguro con variacións de intensidade, temas e incluso interpretacións, como é normal para un fenómeno tan amplo no tempo e no espazo.

Dixemos armas e non ferramentas para o traballo do campo ou da madeira ou da incipiente metalurxia. Isto supón un proceso, interesado, de discriminación temática, ademais as armas gravadas, na gran maioría dos casos, en superficies inclinadas ou verticais, así dispostas para seren vistas. Armas que supón que quen as posuía ben dispuña dos excedentes económicos suficientes para mercalas ben coñecía a pirometalurxia necesaria para producilas así como o abastecemento da materia prima. Armas que marcan status, forza, poder, dominio: espadas, puñais, alabardas e quizais escudos. Reitero, non martelos, ciceis, aixadas, peites,... non. E ademais non foron gravadas en superficies lisas a rente o chan onde os motivos pasasen inadvertidos, non.

Outro referente do mundo visible que foi gravado é o da equitación que podemos inscribir tamén no universo do status, o poder, a forza que implica a posesión dun équido e o dominio do seu manexo, ademais o moi esquemático xinete gravado no lombo do cabalo amosa armas, fai ostentación delas e fai ostentación do dominio do animal con posturas que podemos cualificar case de equilibrista.

O último gran grupo de motivos figurados son as escenas de caza ás que imos dedicar as seguintes páxinas. É sempre, con moi poucas dúbidas, a caza do cervo o que se representa, por iso dicimos atrás que non gravaban escenas do cotiá, xa que non gravaron homes ou mulleres pescando ou cazando un coello ou un paspallás e supomos que é así porque o que gravaron non é unha simple experiencia cinexética, senón algo máis, e supomos que se enmarca, como as armas e a equitación, no mundo do poder, do status, da forza, no mundo do varón dominante socialmente que amosa así un dominio entre os seus e un dominio do medio. Pero temos que sinalar que para indicar dominio e forza e poder tamén podían gravar a caza doutros grandes animais

que habitaban estas terras daquela, incluso animais máis feros e de tanto ou máis porte có cervo, así oso, lobo, cabalo, xabarín. Debemos anotar que se o que se gravaba é reiteradamente a caza do cervo debe ter un outro compoñente relacionable coa tradición e o cultural como se o cervo fose un animal totémico.

Non temos contabilizadas de maneira exacta o número de superficies con gravados entre Galicia e Portugal que se coñecen no 2014 pero supoñemos uns tres milleiros que medran de seguido consonte medran as prospeccións. A porcentaxe de rochas con cérvidos anda polo 10%. Cando gravaron animais, ou foron cabalos ou serpes de dúbida interpretacón ou algún cánido (que axuda na caza do cervo) e, se non, sempre cervos, de xeito omnipresente. Nin pirús, galiñas, peixes, gatos, ... só cervos.

O que tentamos con este artigo é constatar unha “linguaxe” común á arte rupestre galaica (galega e portuguesa) evidente no estudo iconográfico das imaxes de cervos e en particular das escenas de caza do cervo con elementos que se repiten entre Laxe, no norte e Valença no centro xeográfico até as pinturas funerarias da Orca dos Juncais na zona de Viseu.

A bibliografía arqueolóxica sobre o tema ten anotado oito escenas, algo máis dunha ducia e xa incluso vinte e tres máis ou menos, cando unha análise atenta, logo de marcar uns criterios, eleva o número por riba das corenta escenas de caza do cervo na arte rupestre galaica con maior ou menor grao de complexidade. Para realizar esta análise o método empregado combina o baleirado bibliográfico co traballo de campo, de xeito que constatamos in situ, de día e tamén de noite con luz artificial, a posibilidade ou non de considerar os gravados como escenas de caza. É un traballo aínda inconcluso debido á cantidade de superficies, ó tempo dispoñible e á súa dispersión xeográfica.

É de xustiza sinalar que se hoxe en día calquera pode estudar os gravados galegos e portugueses é debido ó esforzo desinteresado de décadas de traballo de Antonio de la Peña Santos que debuxou centos de superficies co investimento de miles de horas e



*A Afiada dos Legóns. (Cuñas, Ponte Caldelas).*

ademais publicounas, brindóunolas para observar, gozar e estudar a todos nós. Neste labor altruísta non podemos esquecer a F. Javier Costas Goberna cun labor semellante no suroeste galego e Norte de Portugal e xa na última década hai que gabar o traballo do Grupo de Estudos de Prehistoria do Noroeste que, dirixidos por Ramón Fábregas Valcarce no Porto do Son, a zona do Deza e Santiago e Rianxo, e por Pepa Rei Castiñeiras en Muros, forneceron estudos, publicacións, con deseños incluídos que ampliaron o espectro da arte rupestre galega e portuguesa.

É obrigatorio amentar aquí o labor de ducias de persoas que por afección levan prospectado os nosos montes na procura de gravados e eles son os responsables da inmensa maioría dos que hoxe coñecemos.

Xa dixemos atrás que só un 10%, aproximadamente, das superficies con gravados son representacións de cérvidos, pois algo máis do 1'5% do total podemos consideralas escenas de acoso e caza do cervo. Outro tema interesante a tratar é preguntármonos para que, por que se representaban cérvidos sen estaren acosados ou cazados. Cal era a finalidade da representación. Pero este é motivo para análises que exceden as pretensións deste artigo.

Escollemos medio cento de superficies que consideramos escenas de acoso e caza atendendo a varios elementos que determinan esta elección. O primeiro é a existencia do cervo, un ou varios, con impactos visibles de armas ou acosados polo home, presente de xeito implícito ou explícito, ou acosados por outro animal que consideramos un cánido que colabora co home.

A continuación presentamos unha listaxe dos petróglifos que pasamos a tratar, dende os máis sinxelos até as composicións gráficas máis complexas iconicamente:

- A Siribela, 11 (Tourón, Pontecaldelas).
- O Coto da Cuvela, 2 (Tourón, Pontecaldelas).
- O Rechán (Tourón, Pontecaldelas).
- As Sombriñas 2 (Tourón, Pontecaldelas).
- O Coto da Veiguiña (Tourón, Pontecaldelas).
- O Recosto, 11 (Tourón, Pontecaldelas).
- A Irena, 2 (Parada, Pontecaldelas).
- A Laxe do Barón (Forzans, Pontecaldelas).
- As Portaxes (Tebra, Tomiño).
- A Regueira de Feitoso (Camos, Priegue, Nigrán).
- O Pinar de Porros (A Valga, Loureza, Oia).
- A Chan da Devesa do Rei (Sabarís, Baiona).
- O Outeiro do Pío, 4 (Tourón, Pontecaldelas).
- A Chan da Valboa (Fentáns, Cotobade).
- A Afiada dos Legóns (Cuñas, Pontecaldelas).
- A Laxiña dos Cervos.
- O Agro das Cartas (Baroña, O Son).
- O Largo dos Lobos / Os Pinos de Reboveda (Amoedo, Pazos de Borbén).
- Taião (Valença do Minho).
- O Outeiro do Pío, 1 (Tourón, Pontecaldelas).
- A Forneiriña (Paredes, Campo Lameiro).
- A Xestosiña (Pedornes, Oia).
- Paredes (Campo Lameiro).

- O Monte da Pedreira (O Muro, O Son).
- A Baixada da Barca (Arbo).
- Os Morouzos (Pedornes, Oia).
- O Outeiro Gordo (Rianxo).
- A Quinta dos Galegos (Verdoejo, Valença).
- O Río de Angueira (Luou, Teo).
- O Coto do Rapadoiro (Fentáns, Cotobade).
- A Irena, 1 (Parada, Pontecaldelas).
- O Pinal do Rei (Cangas).
- A Laxe das Rodas (San Xurxo de Sacos, Cotobade).
- A Gurita (Baroña, O Son).
- A Chan da Lagoa 2 (Caneda, Campo Lameiro).
- A Rotea de Mendo (Campo Lameiro).
- A Pedra da Abeilosa (As Fragas, Campo Lameiro).
- A Laxe das Sombriñas (Tourón, Pontecaldelas).
- Os Ballotes (O Carril, Vilagarcía de Arousa).
- A Laje da Châ das Carvalheiras (Lanhelas, Caminha) .
- O Outeiro dos Lameiros (Sabarís, Baiona).
- A Pedra Xestosa (Nande, Laxe).
- A Laxe das Lebres (Poio).
- O Nabal de Martiño (Tourón, Pontecaldelas).
- A Laxe da Sartaña (Queiruga, O Son).
- Os Cogoludos (Paredes, Campo Lameiro).
- A Laxe dos Carballos (Paredes, Campo Lameiro).
- A Cova do Gato (Serres, Muros).
- Os Mouchos, 1 (Brión, Rianxo).
- Os Mouchos, 3 (Brión, Rianxo).
- A Laxe das Ferraduras (Fentáns, Cotobade).



*O Nabal de Martiño. (Tourón, Pontecaldelas).*

Deixamos fóra da enumeración algunhas superficies con representacións de cérvidos e incluso con presenza humana pero que non temos claro que sexan escenas de caza, ben porque os gravados non o clarifican como A Xestosiña (Pedornes, Oia), ben porque non sabemos se os rectángulos son trampas incluso con cánido acosador. Ou non podemos afirmar que o gran cervo repicado da Laxe da Forneiriña estea morto tumbado, cazado ou que o trote dos magníficos cervos do Pinal do Rei de Marzán (O Rosal) sexa provocado por acoso humano; a mesma dúbida temos nos máis de vinte cuadrúpedes do Río de Vilar en Pedornes (Oia) gravados por riba do barco, cervos co trote e salto mellor conseguido na nosa arte rupestre. A listaxe dubitativa abrangue insculturas como un par de zoomorfos illados na Chan da Valboa (Fentáns, Cotobade) preto da Laxe dos Cebros, incluída nesta relación, e O Forno da Tella de Cuntis, O Outeiro Bicudo, 1 (Baroña, O Son) con posible axexo humano e A Laxe dos Cabalos de Paredes (Campo Lameiro), tamén neste concello A Laxe da Chan da Carballeira na freguesía de Santiago de Morillas ou tamén nos preguntamos pola presenza de cervos macho potentes no Outeiro de Campelos, 1 e no achegado Campo Grande ambos na freguesía de Caamaño (O Son).

As representacións máis sinxelas son A Siribela, 11, O Coto da Cuvela, 2, O Rechán e O Coto da Veiguiña nas que aparece un só cervo con impactos dalgunha arma alongada como frecha ou venabre lanzada polo home (elidido fisicamente) e que ficou visiblemente cravada no corpo do animal entre o pescozo e os cuartos traseiros. Os catro exemplares cazados son cervos macho cunhas boas cornas e o falo marcado, nalgún caso hai presenza de coviñas e incluso circos ou figuras semellantes. Cando dicimos que as armas impactaron no lombo é o sitio, nunha representación bidimensional, na que se pode facer visible, xa que se o impacto fose lateral só o poderían representar cun punto ou facendo sobresaír un risco por riba do lombo do animal. O punto como impacto lateral é posible que estea representado nas coviñas do gran cervo da Laxe dos Carballos, coviñas gravadas no seu corpo por debaixo das lanzas quizais co significado de feridas.

Nun segundo grupo incluímos O Recosto, 11, A Irena, 2 e A Laxe do Barón nos que aparecen xa varios exemplares de cérvidos nunha superficie con coviñas, liñas, circos. No caso da Laxe do Barón os cervos están “perdidos” nunha inmensa superficie na que tamén hai podomorfos, un rectángulo dividido interiormente e gravados de factura máis moderna. No Recosto, 11 son dous os cervos cazados acompañados de elementos abstractos pero en ningún dos tres petróglifos aquí agrupados hai un elemento venatorio engadido como no seguinte grupo composto pola Forneiriña, A Regueira de Feitoso, O Pinar de Porros, A Chan da Devesa do Rei, O Outeiro do Pío, 4, As Portaxes, A Chan da Valboa. Aquí A Forneiriña é o nexo entre o grupo anterior e este, xa que o novo é moi sinxelo, a indicación máis detallada da arma coa sinalización da punta da lanza e a elaboración máis complexa do individuo cazado, só equiparable ó cervo maior do Recosto, 11. Pero neste grupo o máis anovador é a presenza dun ou varios animais acosadores que podemos interpretar como cánidos pola súa actitude e a súa morfoloxía. Están espreitando a presa coa agresividade marcada na postura, no emprazamento, na indicación da boca aberta, ladrando ou tentando trabar. Son as cinco superficies de pequenas dimensións compostas por dous ou tres individuos.

Nun cuarto grupo incluímos A Laje da Châ das Carvalheiras, O Monte da Pedreira, Os Ballotes, A Rotea de Mendo, O Outeiro Gordo, A Afiada dos Legóns, O

Outeiro do Pío, 1, A Baixada da Barca, Os Morouzos, A Quinta dos Galegos, A Laxiña dos Cervos, O Largo dos Lobos, Taião, Paredes, O Agro das Cartas I.. É un grupo heteroxéneo no que o grao de maior complexidade iconográfica vén marcada pola presenza física do home, armado, dinámico, acosando, cazando e cando non aparece el gravado si un produto da tecnoloxía como son as lanzas da Quinta dos Galegos ou do Outeiro Gordo, desproporcionadas e gravadas no momento do impacto e coa folla ben diferenciada.

É heteroxéneo o grupo porque incluímos A Afiada dos Legóns onde aparece o maior cervo de Galicia (2'65m das cornas ás patas traseiras) con dous impactos e a presenza do cazador e a esvaída figura do que podería ser unha femia debaixo do cervo. Xunta esta superficie agrupamos A Baixada da Barca onde aparece o home atacando un cuadrúpede que pertence a unha manda que xira ó redor dunha combinación circular.

No quinto grupo xuntamos superficies con dúas novidades e maior nivel de complexidade como son a aparición de homes cazando e acosando dacabalo e a gravación dos escasos ídolos cilíndricos. Aquí temos o panel principal da Chan da Lagoa 2, O Río de Angueira, O Coto do Rapadoiro, A Irena, 1, e O Pinal do Rei, onde o home caza a pé e dacabalo e as superficies ofrecen unha maior abundancia de motivos variados. O Coto do Rapadoiro, a pesar do sinxelo do panel, moi deteriorado polos lumes do 2006, contén combinacións circulares, antropomorfo armado, cervos e ídolo cilíndrico. É preciso sinalar que o home aparece sempre en escena facendo ostentación das armas, tanto a pé como no lombo da besta. As armas redúcense a un risco no extremo das liñas que conforman os brazos; temos que supoñer arcs e frechas e venabres.

Na ducia de superficies que fican por analizar, hai catro, A Laxe das Rodas, A Gurita, Os Cogoludos e A Laxe dos Carballos nas que non hai grafada presenza humana, nas dúas primeiras nin sequera hai animais feridos de xeito ostensible. Nas dúas últimas o home non foi gravado pero si o produto do seu saber. A Laxe das Rodas é unha superficie horizontal con ducias de combinacións circulares ben gravadas e unha vintena de cuadrúpedes situados de maneira perimetral, dous deles están dentro un e tanxente o outro a unha combinación circular que podería querer indicar unha trampa de caza como na Pedra da Abeilosa ou Os Cogoludos. Canto á Gurita, presenta elementos propios das grandes escenas de caza como os propios machos, un elemento abstracto como no Outeiro dos Lameiros ou O Nabal de Martiño, ou unha liña circular que encerra varios animais. Logo do Outeiro dos Lameiros é o petróglifo con máis zoomorfos que coñecemos.

Nos Cogoludos temos dous cabalos montados á dereita do panel algo lonxe da escena, pero a pesar desta circunstancia, o cervo repicado, sen cornas, coa cabeza retorcida parece que caeu nun ensarillado de liñas a xeito de rede, e non ídolo-placa, como se ten escrito; acosado ademais por un animal, un can, que lle traba nos cuartos traseiros. Preto de aquí, na Laxe dos Carballos, un cervo enorme recibiu seis impactos de seis grandes venabres constituíndo unha escena sobre outra anterior, con zoomorfos de menor tamaño, un deles con dous impactos de arma arreboladiza.

Na Pedra da Abeilosa, enorme rocha inclinada, dous homes axotan unha manda de cuadrúpedes de esquerda a dereita e no lado dereito un valado de encanizada, rematado en rede -quizais con cervo xa enredado- traballa como trampa cara a onde van





*A Laxe da Chã das Carvalheiras. (Lanhelas, Caminha).*

guiados os animais, o mesmo que na Cova do Gato un home armado e acompañado dun cánido acosan unha manda de cervos e o máis potente, pescozo ergueito, boca aberta, cunha enorme cornamenta e o falo gravado, está a caer nunha rede cos tensores marcados. O individuo ten o pescozo ergueito, a boca aberta bradando vencido. Nos Mouchos 3, o cervo, sen cornas como nos Cogoludos, ten o pescozo retorcido, as patas inánimes, xa cazado e sobre el un antropomorfo cazador e dous cánidos axudantes emprazados marcando perspectiva, dándolle certa profundidade á escena e cun gran macho detrás cun risco no pescozo, supoñemos que a xeito de corda.

Na Laxe das Sombriñas varios antropomorfos rodean un gran cervo cunha desproporcionada cornamenta, o corpo baleirado e copulando cunha femia moito máis pequena. No Nabal de Martiño, na mesma área arqueolóxica que o anterior un home ben armado, sexual e tecnoloxicamente, irrompeu nunha manda de cervos e ten varios exemplares feridos. Nos Mouchos 1 tres ou catro homes, cos brazos erguidos, van atrás do maior individuo que foxe, gravado na parte máis inclinada da rocha, mentres que na Pedra Xestosa un home, acompañado de varios cánidos, está a ferir o exemplar gravado con máis detallismo, envergadura e cornamenta.

Na Laxe da Sartaña o exemplar cazado está patas arriba e o cazador dacabalo.

No Outeiro dos Lameiros, con máis de setenta figuras de zoomorfos cuadrúpedes nun enorme panel vertical, unha manda de individuos sen cornamenta acosados por dous homes enriba de dous cabalos cos brazos erguidos ostensiblemente e cun antropomorfo baleirado na rocha, pernas e pés marcados, brazo dereito armado e acompañado por un cánido. No medio un escaleiriforme que temos que interpretar ou como unha cerca ou como un valado para cazar como na Pedra da Abeilosa.

Deixamos para o final A Laxe das Ferraduras que, sen ser excesiva no tamaño, reúne as esencias da iconografía do poder social, cultural e relixioso nun petróglifo que na parte horizontal superior ten pegadas de animais e circos concéntricos e na parte inclinada un puñal e unha espada, esta da man dun guerreiro que preside unha escena de caza onde varios individuos feridos están arrodeados por catro homes armados no medio da representación de tres ou quizais catro ídolos cilíndricos, figuras moi escasas en Galicia e abundantísimas no centro-sur de Portugal e no suroeste de España que aparecen no rexistro arqueolóxico asociados a lugares de culto e de enterramento.

Quixemos deste xeito chamar a atención sobre este tipo de petróglifos, produto dunha sociedade cun mundo iconográfico complexo, elaborado cunha comunidade de significados. Uns gravados que supoñemos, máis de 4000 anos despois, que contaban historias, que agregaban persoas e comunidades, con variedade de significados que estarían acompañados de poesía, lendas, mitos como lugar de re-presentación que hoxe tentamos aprehender moi lonxe no tempo sen chegarmos a acadar o poder das imaxes aquí gravadas.

## CONCLUSIÓN

- Existe unha iconografía común das escenas de caza en toda a área de expansión da arte rupestre galega e portuguesa con paralelismos na pintura megalítica ( A Orca dos Juncais, Tondela).
- O soporte elixido para a gravación é vertical ou inclinado que consideramos unha elección consciente para mellor e maior difusión da mensaxe contida nos motivos representados.
- O animal cazado é un cervo, macho, cunhas potentes cornas e, ás veces, co falo sinalado. A forza e potencia do animal cazado subliña o maior valor e a maior forza e habelencia do ou dos cazadores.
- Os autores destas, hoxe, obras de arte non querían unha fotografía da vida diaria, do ámbito doméstico, non. O que querían era enxalzar mediante a caza selectiva de cervos machos potentes o valor do cazador. Do mesmo xeito que non gravaron apeiros agrícolas ou escenas cotiás, senón paneis con armas ou escenas de equitación.
- Os elementos que compoñen este todo iconográfico -nunca todos coinciden nunha única escena- son:
  - O cervo macho cunha potente cornamenta, o falo marcado e o maior individuo de todos os gravados. Aparece con riscos no lombo e nos cuartos traseiros que son armas arreboladizas cravadas, moi claras na Laxe dos Carballos.
  - A presenza do home cazador faise a pé ou dacabalo, en posición dinámica incluso equilibrista cando monta a besta cos brazos estendidos e quizais de pé no lombo do équido.
  - Hai cans, ás veces trabándolle nos cuartos traseiros ó cervo, que axudan na caza. Percíbese, cando non son moi esquemáticos, a actitude activa, agresiva.

- Existe a representación de trampas reticuladas e muros de peche ou que actúan a xeito do muro dun foxo de lobos.
- Aparecen elementos abstractos, coviñas e combinacións circulares, ás veces, moi abundantes (A Cova do Gato) e outras escasas, pero tamén uns motivos abstractos únicos no medio de homes e animais (O Nabal de Martiño; O Outeiro dos Lameiros).
- Temos armas e ídolos cilíndricos na Laxe das Ferraduras e no Coto do Rapadoiro, as dúas superficies moi próximas. Elementos do mundo cultural e da representación do poder, do dominio.
- Cremos que debemos desbotar ideas publicadas no ámbito da bibliografía sobre arte rupestre galega e portuguesa que falaban de “olisqueo de genitales” cando coidamos que son cans perseguindo e trabándolle nos cuartos traseiros a un cervo. A gran serpe coas escamas ben gravadas da Pedra da Abeilosa debe ser un muro construído con encanizada vexetal para evitar que fuxisen os cervos e fosen guiados cara á trampa reticulada da parte superior do petróglifo. Como tamén cremos que o citado “ídolo-placa” do Outeiro dos Cogoludos é unha ensarillada de liñas que representa unha trampa na que está caendo o cervo repicado co pescozo en escorzo queixándose da trabadela do cánido que ten atrás gravado.
- En varios paneis hai cervos cos cuartos traseiros ou a cabeza metida no medio dos circos concéntricos dunha combinación circular e explicado isto como unha entrada (ou saída) no “máis alá”. Víndonos máis acá debería tratarse dunha caída nun foxo ou nunha enredada trampa feita con fibras vexetais á que foi abocado o cervo.
- Nos Mouchos III aquel gran cervo co pescozo retorto considerado como unha monta ritual é un individuo (sen cornas e co pescozo en escorzo como nos Cogoludos) cazado, tumbado, coas pernas inánimes, co home sobre ou detrás del e con dous cans que axudaron na caza.

Xa para rematar estas conclusións ou observacións debemos entender que á hora de representar unha escena de caza do cervo macho o autor ou autores teñen que comprimir nunha única imaxe, que vai resultar o soporte gravado, o proceso enteiro da caza. A organización, o acoso, o animal acadado polas armas ou achegado ás trampas, a axuda dos cans, a habelencia e valor dos cazadores e finalmente o individuo morto adubado todo con elementos que supoñemos da esfera cultural, da tradición, da tribo, totémicos que xa nomeamos atrás.

## O OUTEIRO DOS LAMEIROS

Logo dun repaso sintético polas escenas de caza na arte rupestre galega e portuguesa só nos fica analizar o maior panel de arte esquemática da Península Ibérica, descoñecido para o mundo da investigación até o ano 1988, aínda que a maioría dos petróglifos desta estación arqueolóxica foron descubertos en febreiro de 1984.

Os traballos de musealización do ano 2007 permitiron unha mellor observación e rexistro gráfico do panel. É unha superficie vertical con zonas menos inclinadas e

incluso cun chanzo, tamén con gravados, por diante da parede. A zona gravada ocupa uns 12m. de longo por uns 4m. de altura na zona central, prolongándose outros dous metros por baixo da parte coas figuras que consideramos máis importantes.

Pero o panel non está só. Preside unha chan con máis de dúas dúcias de superficies gravadas. É A Chan da Devesa do Rei. Hai un petróglifo pequeno (1m x 0'5m) con representación de animais e todos os outros son de motivos abstractos cunha peculiaridade moi de ter de conta: en catorce petróglifos hai reticulados, ben como motivo único, ben compartindo a superficie con coviñas, circos e incluso alfabetiformes. E en algo máis dun quilómetro á redonda coñecemos outros sete petróglifos con reticulados. É a maior concentración de Galicia e o norte de Portugal. É a zona cero dos motivos reticulados.

Estamos nunha zona de divisoria de augas que vén dende O Crasto até O Outeiro dos Lameiros con zonas chans e outeiros que partillan claramente o territorio, para o nacente O Río dos Bois que verte augas na Foz xa chamándose O Río da Quirincova. Polo oeste baixa O Río de Baiña ó areal de Santo Estevo. Esta dorsal que divide vertentes hidrográficas continúa até O Alto do Costado a máis de 600m. de altura pasando polo Outeiro do Ceboleiro, O Alto do Pouso do Bico, O Alto da Costa de Quelle e O Alto da Mata a xeito de chanzos dunha escada ou de dentes dunha serra.

A zona deprimida entre O Outeiro do Ceboleiro e O Outeiro dos Lameiros actúa como portela natural que comunica as dúas vertentes. Aquí emprázase a estación arqueolóxica pero os petróglifos hainos até O Alto da Mata a 500m. de altura.

Unha parede oriental do Outeiro dos Lameiros, a 190m. de altura, foi escolleita para gravar ollando ó leste A Serra do Galiñeiro.

Nunca foi publicada ningunha interpretación deste panel. O que constatamos son máis de 60 cuadrúpedes deseñados de xeito moi esquemático, xa que unha liña define unha cola espesa, a liña cervico-dorsal, pescozo, fociños e a bifurcación en dúas liñas no alto da cabeza a maneira de orellas ou cornos. De entre a cola e o arranque do pescozo baixan catro liñas para indicarnos as patas. Hai unha concentración de animais



*O gran panel do Outeiro dos Lameiros. (Sabaris, Baiona).*

na parte central do panel; animais e mais varios motivos: un escaleiriforme que pode ser a representación dun muro coa perspectiva “tumbada”, un circo, unha ensarillada de liñas e unha gran figura oval, con apéndices na parte baixa e na lateral dereita e divisións internas con covañas e un pequeno circo. Enigmático.

A figura está rodeada por cuadrúpedes por todas as partes agás pola superior dereita, e na inferior dereita hai un entrecruzamento de liñas entre as que parecen entreverse liñas pequenas verticais paralelas asemellables a patas de animais que nos fan pensar na posibilidade interpretativa dunha trampa de caza. Á súa dereita unha figura de seis aspas curvas dextroxiras e mais arriba dous animais enfrontados cos bicos tanxentes.

Á esquerda, abaixo, do motivo abstracto central hai dúas claras mostras de equitación. Un caso é o cuadrúpede cos sucos máis anchos e profundos e o de maior tamaño co xinete sinalado moi esquematicamente e a indicación das cinchas que van da boca do animal por baixo do pescozo. O xinete está indicado cun trazo curto perpendicular ó lombo do animal do que sae un trazo longo cara a arriba, quizais un brazo do home.

O outro animal montado fica detrás do anterior, de menores dimensións, sen marcaxe explícita das cinchas. A definición do xinete consiste nunha pequena liña vertical que parte do lombo do animal que se bifurca nunhas liñas arqueadas cunha covaña no medio, supoñemos que son o tronco do xinete, os dous brazos e a cabeza.

Ó longo da parede hai outros dous animais con risco enriba do lombo que podemos sinalar como équido montado. Á dereita, na parte máis alta da composición hai cinco animais gravados, os catro primeiros colocados cada un nun plano superior ó anterior dándonos a impresión dunha escena de ascenso ladeira arriba. O terceiro animal é o único de todo o petróglifo executado de maneira distinta. Todos cunha liña para rabo, lombo e cabeza co detalle ou non de dous apéndices -orellas ou corniños?- e a maior ou menor indicación do fociño. No caso que nos ocupa dúas liñas paralelas sinuosas marcan as patas anteriores, o lombo e a barriga, o pescozo e a cabeza. Penden dúas liñas verticais paralelas que son as patas dianteiras. Este individuo transmítenos a idea de volume, de máis masa corporal que o resto dos animais da composición.

Debaixo do gran cabalo montado hai un antropomorfo elaborado cunha técnica distinta, no canto de gravaren o contorno do individuo baleiraron cara á esquerda (dereita do individuo) e o seu brazo dereito exhibindo un obxecto alargado (vara, agullada, lanza,...?). E á súa esquerda un animal con rabo, catro apéndices para reflectir as patas, e a cabeza e o pescozo cara a abaixo que o distingue da inmensa maioría dos animais aquí gravados, de maior porte, patas máis separadas as anteriores das posteriores e o pescozo ergueito que pode ter ou non dous pequenos apéndices a xeito de orellas ou pequenos cornos.

No chan que percorre a fronteira do panel hai cuadrúpedes, un reticulado moi esvaído e unha combinación circular de tres aneis.

## ANÁLISE ICONOLÓXICA

Temos que incluír o gran panel do Outeiro dos Lameiros no grupo de escenas de caza da arte rupestre galega e portuguesa.

Nunha parede vertical hai máis de 60 zoomorfos circulando de esquerda a dereita agás dous ou quizais tres. Dous homes montando équidos axotan a manda de animais;

enriba deles a representación dun peche e por baixo un home, exhibindo arma ou bastón, acompañado dun can, colabora no acoso. No centro unha gran figura abstracta e á beira unha enleada de liñas que podería representar unha trampa de caza. Máis á dereita outra figura abstracta, de seis puntas a xeito de estrela, rodeada de animais, menos pola dereita arriba.

Na inmensa maioría das escenas de caza analizadas, máis ou menos complexas, está claro que é un cervo macho o animal acosado ou cazado. Aquí o animal-tipo ten a cola longa, o pescozo alongado e sobre a cabeza, non sempre, dous pequenos apéndice que non sabemos se tentaron representar os cornos dun cérvido ou as orellas dun cabalo. Entón a dúbida é se se representa o acoso e caza do cervo ou non. Está claro en toda a área galega e portuguesa xa que é doado marcar a masculinidade, sinónimo de valor, forza, potencia, dominio coa indicación das cornas, esaxeradas moitas veces con respecto ó modelo real. Lembremos A Afiada dos Legóns, As Sombriñas ou O Nabal de Martiño. Aquí, no Outeiro dos Lameiros nin se gravan as cornas nin o falo e si unha cola longa e en casos espesa que é habitual marca de équido, aínda que non sempre; lembremos algún exemplar do Nabal de Martiño, da Irena I ou da Laxe das Lebre.

Se concluímos que son cabalos, entón acadaría, aquí no sur, o cabalo o status de animal totémico nalgún momento da prehistoria. Temos cabalos montados na Praia de Fornelos, no Río de Vilar, en Burgueira, Verdoejo, As Portaxes, en Taião (montado ou cazado), no Regueiro do Retruca, nas Aveas,...



*Antropomorfo, can e cabalo no Outeiro dos Lameiros. (sabarís, Baiona).*

## BIBLIOGRAFÍA

APARICIO CASADO, B. e PEÑA SANTOS, A. de la 2011. Guía de petróglifos de Galicia. Edicións do Cumio, Ponte Caldelas.

APARICIO CASADO, B. e PEÑA SANTOS, A. de la, 2011. Símbolos sen memoria. Arte rupestre en Ponte Caldelas. Deputación de Pontevedra.

BONILLA RODRÍGUEZ, A. 2009. Documentación e diagnose para a conservación e posta en valor dos gravados rupestres dos Mouchos. Rianxo (A Coruña). En M.P. Varela Campos (coord) *Actuacións arqueolóxicas. Ano 2007*. p.90, Xunta de Galicia, Santiago de Compostela.

COSTAS GOBERNA, F.J. 2004. Los supuestos carros de los grabados rupestres de Oia (Pontevedra). *Glaukopis*, nº 10. Vigo. pp.219-235.

COSTAS GOBERNA, F.J. e PEÑA SANTOS, A. de la, 2011. Los barcos de los petroglifos de Oia. Embarcaciones en la prehistoria reciente de Galicia. Autoridad Portuaria de Vigo, Vigo.

COSTAS GOBERNA, F.J. e PEÑA SANTOS, A. de la. 2002. A fauna e o ser humano na prehistoria do Baixo Miño a través dos gravados rupestres. Monografías da Asociación Naturalista “Baixo Miño” -Anabam- Nº 13. A Guarda.

COSTAS GOBERNA, F.J., HIDALGO CUÑARRO, J.M., NOVOA ÁLVAREZ, P. e PEÑA SANTOS, A. de la 1997. Aproximación a las representaciones de cuadrúpedos en el grupo galaico de arte rupestre. En F.J. Costas Goberna e J.M. Hidalgo Cuñarro (coord.). *Los motivos de fauna y armas en los gravados prehistóricos del continente europeo*. Asociación Arqueológica Viguesa. Serie Arqueología divulgativa, Nº 3, 1997, pp. 53-84. Vigo.

FÁBREGAS VALCARCE, R. e RODRÍGUEZ RELLÁN, C. (Eds). 2012. A Arte Rupestre no Norte do Barbanza. Andavía Editora, Santiago de Compostela.

FÁBREGAS, R., de la PEÑA, A., RODRÍGUEZ RELLÁN, C. 2011 Río de Angueira 2 (Teo, A Coruña). Un conxunto excepcional de escenas de monta. Gallaecia, 30. Santiago de Compostela. pp. 29-51.

HIDALGO CUÑARRO, J.M. (coord.). 2005. Arte rupestre prehistórica do Eixo Atlántico. Eixo Atlántico, Vigo.

PEÑA SANTOS, A. de la e REY GARCÍA, J.M., 2001. Petroglifos de Galicia. Vía Láctea, A Coruña.

REY GARCÍA, J.M. e MÉNDEZ FERNÁNDEZ, F. 2011. Parque Arqueolóxico da Arte Rupestre, Campo Lameiro, Pontevedra. Guía de visita. Xunta de Galicia.

RODRÍGUEZ RELLÁN, C. , FÁBREGAS VALCARCE, R. , EIRÓ POSE, A., RODRÍGUEZ ÁLVAREZ, E. e GORGOSO LÓPEZ, L., 2010. Alén da fronteira naturalista na arte rupestre galega. Estacións con zoomorfos na Costa da Morte (A Coruña). Gallaecia, 29, pp. 83-102.

RODRÍGUEZ RELLÁN, C. 2009. Documentación e diagnose para a conservación e posta en valor dos gravados rupestres da Gurita I, O Porto do Son (A Coruña). En M.P. Varela Campos (coord.) *Actuacións arqueolóxicas. Ano 2007*, pp. 91-92. Xunta de Galicia, Santiago de Compostela.

RODRÍGUEZ SAIZ, E. 2009. Novos petróglifos no contorno da área arque-

olóxica de Tourón, Pontecaldelas: o cervo ferido do Recosto XI. Gallaecia, 28. Santiago de Compostela. pp 69-76.

SANTOS ESTÉVEZ, M. 2005. La caza ritual en la edad del bronce y su representación en el arte rupestre de Galicia. En M. Santos Estévez e A. Troncoso Meléndez (coord.). *Reflexiones sobre Arte Rupestre, paisaxe, forma y contenido*. TAPA 33, pp. 83-100, Santiago de Compostela.

SOBRINO BUHIGAS, R. 1935. *Corpus Petroglyphorum Gallaeciae*. Seminario d'Estudos Galegos. Santiago de Compostela. Edición facsimilar.

VAN HOEK, M., 2003. El círculo, el ciervo y la trampa. Grabados de cuadrúpedos en rocas con combinaciones circulares en Europa. En *Brigantium*, 2003, vol.14, pp.89-96. A Coruña.

VÁZQUEZ ROZAS, R. 1997. Petróglifos de las Rías Baixas Gallegas. Análisis artístico de un arte prehistórico. Deputación Provincial. Pontevedra.

VÁZQUEZ VARELA, J.M. 1995. Antepasados, guerreros y visiones. Análisis antropológico del Arte Prehistórico de Galicia. Deputación Provincial. Pontevedra.

VILAR PEDREIRA, X.L. 2008. O Outeiro dos Lameiros. Tamén arte rupestre. *Férvedes*, 5. Vilalba. pp. 505-512.

VILAR PEDREIRA, X.L., 2009. Traballos de documentación, rexistro e limpeza dos petróglifos do Outeiro dos Lameiros, Baiona (Pontevedra). En M.P. Varela Campos (coord.). *Actuacións arqueolóxicas. Ano 2007*, pp. 21-22, Xunta de Galicia, Santiago de Compostela.

VILAR PEDREIRA, X.L. e E. MÉNDEZ QUINTAS. 2009. A Estación de Arte Rupestre do Outeiro dos Lameiros. Comunidade de Montes en Mancomún de Sabarís. Sabarís (Baiona).

VILAR PEDREIRA, X.L. 2013. Escenas de caza nos petróglifos galegos e portugueses. AIEG.